

## ***DRAGAL, A HERDANZA DO DRAGÓN***

A pesar dos pensamentos que tiña Hadrián e do feble que estaba, decatouse de que a súa transformación non fora total: aínda lle quedaba con figura humana o dedo pequeno do pé esquerdo. Non o dubidou, puxo todos os seus esforzos en concentrarse para voltar a ser humano e comprobou como os dedos dos pés, pouco a pouco, comezaban a cambiar. De súpeto, escoitou voces e parou, vendo como se aproximaban cara a el dous dragóns. Cando os tivo enfronte e cruzou a mirada co que parecía máis novo, decatouse de que aqueles ollos eran inconfundibles: tratábase de Mónica e do párroco don Xurxo. Quedou sen fala mentras escoitaba o que lle dicían: ambos pertencían a orde do Dragal, e el era o elixido como líder para o seu rexurdimento.

Non podía crer o que estaba escoitando, pero preferiu seguirllas a corrente. Díxolles que desexaba voltar ás catacumbas para disfrutalas agora como dragón, e así o fixeron. Cando Mónica e don Xurxo comezaron a baixar, Hadrián, que aínda non entrara, pechou a lousa de pedra e deixounos dentro; non podía consentir que aquela tolemia continuase.

Estaba centrando todos os seus esforzos en continuar a súa transformación, cando escoitou unha voz familiar que lle decía: “Esperta, durmiñón, xa chegamos ao pobo”.

Ao abrir os ollos, viu aos seus pais na parte dianteira do coche, parado fronte á igrexa de San Pedro. Baixou sen dicir palabra e contemplou na súa fachada a figura dun dragón.

Nese intre, saíron da igrexa unha moza e un cura. A moza acercouse a el con cara sorrinte, estendeulle a man e díxolle: “Ola, eu son Mónica”. Hadrián quedou sen fala, e un arrepío percorreulle todo o corpo.

Alejandra Fernández Castiñeira. 2º ESO D. IES Antonio Fraguas.  
Santiago

## DRAGAL I: A HERDANZA DO DRAGÓN

### NOVO FIN PARA A PRIMEIRA NOVELA DESTE UNIVERSO LITERARIO

Hadrián sentía agora máis acusados os síntomas da súa metamorfose, que se lle antollaba un proceso implacable e irrevocable. A pesar do terrible temor e incertidume que se apoderaba do seu corpo, reuniu forza e valor e permitiu que a alma de Dragal, o Último Dragón Galego, se fixese dona dos seus membros, pensamentos e vontade. Notou como as súas pernas se convertían en poutas e, os brazos, en poderosas ás. A súa pel atopábase cuberta dunha grosa capa de verdosas escamas. As pupilas mostrábanse nun punto de dilatación nunca antes acadado e os seus ollos reflectían destellos dourados, como as augas do mar bañadas polos primeiros raios da aurora. Cando a impresionante transformación tivo rematado, Hadrián observou cunha mestura de orgullo, soberbia e respecto a nova natureza da súa imaxe e unha sombra de receo asomou na súa mirada.

Decidido e resignado a convivir co seu dragón interior, bateu as ás con forza e alzou o voo. Descubriu un mundo descoñecido sobre a superficie da terra, un mundo no que el era dono de tomar as súas propias determinacións: un mundo de liberdade. Mais co paso dos minutos e, despois, das horas, recordou a súa antiga e humana vida, unha lembranza que lle produciu unha sensación de nostalxia que nubrou a inocente quimera que se creara no seu interior no momento en que comezara a sucir os aires.

Coa chegada da noite, Hadrián decidiu regresar á súa gorida: a Poza da Moura. Recordou a promesa que Mónica lle fixera de visitalo ao solpor levándolle un cesto con alimentos. A fame nin se achegaba a ser unha das primeiras necesidades do rapaz, mais a única lembranza da súa xove amiga alixeiraba o peso da súa alma atormentada.

O seu refuxio mostrábase baixo as estrelas proxectando un pálido resplandor. As augas estaban en completa calma e baixo a luz da lúa constituían a visión dunha fantasmal e deserta paraxe.

Hadrián puido recoñecer unha canastra tapada cun pano de cadros verdes e azuis e sorriu para si pensando na súa leal compañeira.

O rapaz descendeu suavemente e notou a fría e húmida herba baixo as súas poutas. De súpeto, foi invadido por un profundo cansazo e foi consciente do proceso no que o sono se apoderou dos seus membros. Axiña ficou durmido. Mais os seus primeiros sonhos como dragón non o trasladaron a un apracible mundo de tranquilidade e fantasía. Eran pensamentos que o inquadaban e facían

sentir incómodo e desprotexido. Tumbado, todo o seu corpo retorcíase de dor e mostraba un aceno de terrible sufrimento. Finalmente, espertou, e veuse rodeado dunha resplandecente luminaria de cores alaranxadas que emanaba da poza. Marabillado ante tal espectáculo de luces, Hadrián ergueuse e achegouse ata as augas iluminadas. Atopouse entón coa sorpresa máis sobrecolledora e emocionante da súa vida. O seu asombro era indescriptible ao contemplar o rostro riseiro e plácido do seu traxicamente falecido pai. Aquel que perdera a súa vida intentando protexer a do seu fillo estaba de novo ao seu carón. Os seus réptiles ollos inundáronse de bágoas e deuse de conta de canto o botaba de menos. Tentou conter as bagullas cando seu pai o saudou e lle confesou o moito que ansiara velo de novo. Hadrián non foi quen de contestarlle, pero iso non se fixo necesario, pois o pai proseguíu, sorrindo e sen agardar resposta algunha, coma se comprendese á perfección a perplexidade do rapaz. Comentou a nova aparencia do seu fillo e procurou tranquilizalo, sen perder o seu eterno sorriso. Segundo dixo, comprendía a situación de Hadrián e preguntoulle polos sentimentos que se apoderaban del naquel intre. O mozo, evitando o tema do seu emotivo reencontro, recoñeceu o medo que sentía e a nostalxia pola súa antiga vida. Compreendendo que a súa imaxe pronto se esvaería entre as augas perdéndose para sempre, deulle a Hadrián unhas últimas indicacións. Ordenoulle somerxerse entrando nas catacumbas e penetrar na primeira estancia que atoparía aberta á súa dereita. Despois, despediuse de Hadrián pregándolle que fixese uso dos seus consellos. Pouco a pouco, a imaxe do seu rostro disipouse e o rapaz volveu a atoparse completamente só. Decidido a non desperdiciar a súa última oportunidade de salvarse e mergullouse, notando ao seu redor as cálidas augas da poza. As súas novas ás permitíanlle impulsarse con máis forza, e pronto chegou ao fondo penetrando pola fenda entre as rochas. Ao regresar ao labirinto subterráneo puido recoñecer a sala á que seu pai se referira uns minutos antes. Reuniu forzas e adentrouse na mencionada estancia. Sorprendeuse ao decatarse da amplitude do cuarto e ao ver as súas ornamentadas paredes, que estaban recubertas de mosaicos que mostraban imaxes de dragóns e cabaleiros medievais. Pero a súa atención centrouse na mesa redonda situada no medio. Achegouse e puido contemplar os gravados do moble, que estaba adornado con inscricións en linguas antigas que o rapar non coñecía. Sobre a táboa, un medallón parecía agardar a súa chegada. Ao seu lado había un sobre no que aparecía o nome do mozo, cunha caligrafía coidada e estilizada. O remitente non aparecía, mais Hadrián creu adiviñar de quen se trataba. Abriuno e dispúxose a ler a carta. Descubriu que aquel era un amuleto empregado polos seus devanceiros co fin de evitar a súa transformación en dragóns.

Hadrián contemplou detidamente o agasallo que acababa de herdar e que lle brindaba a oportunidade de recuperar a súa vida como humano. Tratábase dun medallón circular dividido en

catro cuadrantes, nos que cada un deles representaba un elemento da natureza: auga, aire, terra e lume. O rapaz estendeu a súa pouta e tomouno entre as súas gadoupas. O amuleto emitíu unhas febles faiscas, e Hadrián colgouno do pescozo.

Por primeira vez, comprendeu que debía recuperar a súa forma, como un rapaz normal, mais sen esquecer que el era o único gardián das antigas sabedorías do seu país e o encargado de que todas aquelas lendas non perdesen a súa identidade propia.

**Rosalía Soto Rey, 2º ESO B.IES Antonio Fraguas. Santiago de Compostela**

## A FIN DA PROFECÍA

...Ao solpor Mónica estaba alí, tal como prometera. Fora complicado, pero conseguira apañar un pouco de comida para Hadrián. Non estaba segura de que acertara coa selección dos alimentos: distintos tipos de carne e algo de peixe fresco. Non se lle ocorrera pensar ata ese momento que quizais os dragóns tamén tomaban verdura e froita. Pero agora xa estaba alí, non podía volver. Se vía a Hadrián preguntarlle, e ao día seguinte levaríalle o que precisara.

Niso cavilaba Mónica cando se decatou de que levaba alí vinte minutos. Seus pais decataríanse da súa ausencia se non volvía para a casa pronto. Decidiu agardar cinco minutíños máis. Tiña a esperanza de que Hadrián aparecera, de poder falar con el, de darlle unha agarimosa aperta que lle fixera esquecer a fría e dolorosa despedida daquela mañá. Nin sequera precisaba iso, chegáballe con velo, aínda que fose de lonxe, e saber que estaba ben.

Pero os cinco minutos pasaron e Hadrián seguía sen aparecer. Mónica deixou a comida enriba dunha rocha, nun lugar visible, e comezou a camiñar, envolta na terrible tristura que acompaña á desesperanza. Nin dous pasos dera cando oíu un estalido ás súas costas. Deuse a volta, novamente esperanzada, para levar unha nova decepción ao ver que alí non había ninguén. Seguramente o imaxinara, ou ao mellor fora algún animal do bosque. Retomou a marcha e escoitou un novo estalido. Esta vez non o imaxinara, estaba segura de que oíra ruído de pasos detrás dela. Porén, seguiu camiñando, aparentando que non se decatara. Se era Hadrián o que estaba a rondar por alí, chamaríaa, diríalle que agardara. Pero ninguén a chamou, e comezou a sentir os pasos que a seguían cada vez máis rápidos. Presa do medo, acelerou ela tamén. Cando se decatou, estaba correndo á máxima velocidade que lle permitían as súas pouco atléticas pernas perseguida por unha descoñecida presenza. O pánico apoderárase da rapaza, que nin sequera se atrevía a mirar atrás por medo a reducir a velocidade.

O plan inicial de Mónica era volver á vila. Esperaba que quen a estivera a perseguir marchara ao chegar á zona urbana. Pero co afán de escapar daquela presenza saíra do camiño, perdendo totalmente a orientación. Mónica intentou pensar, centrarse, analizar a situación; estaba desorientada, case sen folgos, perseguida por unha presenza descoñecida que, ao contrario que ela, non parecía cansarse coa persecución. Este negativo pensamento asustouna máis, e aumentou a velocidade. Comezou a oír os pasos máis lonxe, sentiu que gañaba terreo. Pero cando pensaba que xa case se desfizera do seu perseguidor, algo golpeou a súa cabeza con forza, facéndoa caer de lado. O impacto contra o chan fixo que quedara sen aire. Arrolou por enriba das follas secas e quedou boca abaixo. Tratou de erguerse sen éxito. Estaba atordada, o mundo daba voltas ao seu arredor, non vía con nitidez e sentía un líquido quente escorrendo polo seu pescozo: sangue. Estivo tentada de quedarse aí, de non moverse e agardar a que a dor cesara. De deixar que aquel que a estivera perseguindo fixese o que quixera con ela, pois sentía que o seu dolorido corpo non podía aguantar máis. Pero, pensou, se ela marchaba, quen coidaría de Hadrián? Quen lle levaría a comida que precisaba? Non, non podía quedarse aí sen máis, tiña que erguerse e tratar de orientarse para volver á vila. Un novo estalido fíxoa reaccionar. Deuse a volta para descubrir ao seu perseguidor. Pero non acertou máis que a distinguir unha mancha grande e escura que se achegaba a ela lentamente. Sen que a criatura se decatase, Mónica colleu unha pedra que había ao seu carón. Esperou a que a presenza estivese máis preto dela. Agora que se achegara, podía distinguir de que tipo de criatura se trataba. A rapaza foi asaltada por unha potente sensación de desacougo, pois aquel animal era aquel que máis temía atopar. Non só porque sabía que aquel monstro podía darlle a morte cando quixera; non só porque aquela mitolóxica criatura non debería existir, e porén estaba alí a dous metros de ela; senón porque o feito de que o dragón fose o seu perseguidor significaba que o seu amigo sucumbira ao poder

dunha maligna forza, a de Dragal, que rematara sendo superior a el.

A rapaza non intentou escapar directamente. Sabía que no seu estado non correría nin dous metros antes de que o dragón a atrapara. No canto diso, esperou a que o monstro se achegara para telo a tiro. Cando se atopaba preto dabondo, lanzou a rocha con todas as súas forzas dereita á cabeza do dragón. Mónica non esperaba tan bo resultado do seu plan. A pedra impactou con forza no cranio de Dragal e a rapaza botou a correr coas forzas que lle quedaban. Pero o dragón era orgulloso, e xa se fartara dela. Non aturaba máis xogos, nesta ocasión iría a matar.

Mónica correu con todas as súas forzas cara o descoñecido. Non sabía cara onde ía. Escapar, fose a onde fose, era mellor que esperar a ser devorada polo dragón que posuía ao seu amigo. Pero o golpe da súa cabeza non lle permitía pensar con claridade. As súas pernas movíanse automaticamente, como acto reflexo do pánico que sentía. Pechou os ollos e deixouse levar polos instintivos movementos do seu corpo. Tropezou, caeu de novo, e abriu os ollos.

Atopábase de novo do camiño! Esperanzada e coas forzas novamente renovadas, botou a correr de novo con Dragal pisándolle os talóns. A diferenza era que esta vez sabía cara a onde se dirixía. Correu e correu sen parar nin sequera ao chegar á vila para comprobar se o dragón a seguía. Ata que non chegara á Igrexa de San Pedro non pararía. Cando por fin se detivo comprobou que, como ela esperaba, o dragón non fora atrás dela.

Ao día seguinte volveu ao bosque e verificou polas pegadas que atopou que, efectivamente, Dragal ni sequera entrara na zona urbana. E observou melancolicamente a proba de que o seu amigo realmente seguía vivo, aínda que nun corpo que non podía controlar. Pero podería, Mónica sabía que conseguiría controlalo. O único que precisaba era tempo. A rapaza esperaba todo o necesario, agardaría semanas, meses, anos se fíxese falta. Toda espera é pouca se sabes que o que vai vir pagará a pena. E ela sabía que compensaría toda a tristura e soidade que estaba a sentir, pois estaba segura de que Hadrián conseguiría facerse co control do corpo e de que volvería con ela. Á fin e ao cabo, era o seu destino, non? Converterse no Gran Mestre e someter ao dragón. Se ata agora o destino cumprira todas as súas promesas, esa non sería unha excepción. Se a lenda de Dragal resultou ser certa e a criatura, tal como dicía a profecía, se reencarnara no corpo do seu amigo, entón Hadrián volvería, máis tarde ou máis cedo, convertido nunha lenda. Unha lenda sobre dragóns que pasan da mitoloxía á realidade; unha lenda sobre un rapaz despistado e solitario que se converteu nun loitador; unha lenda sobre unha rapaza centrada que decidiu encher a súa cabeza de fantasía para ser parte dunha aventura máxica. E, para que esa lenda puidese ser contada, había que esperar. Pagaba a pena esperar.

Noela Sanjurjo Carballeira 2º ESO D  
IES. Antonio Fraguas  
Santiago de Compostela

Hadrián camiñaba confuso entre a antiga natureza do lugar, as poucas forzas que lle quedaban facíanlo avanzar despazo e os reflexos da luz do sol confundían aos seus ollos, debía apoiarse nas árbores, pechar os ollos, deixar que Dragal tomase forma... iso era inevitable, mais debía alonxarse o máis posible da vila, non podía poñer en perigo a ninguén, a Mónica... a Poza da Moura sería o seu refuxio, tiña que selo.

Cando chegou á fervenza, xa case non quedaba no seu corpo ningún rastro da súa forma humana. As escamas deixábanse acariñar pola luz, mentres o sol descendía maxestoso no ceo. O camiño leváralle máis do que pensaba, o tempo parecía transcorrer doutra forma na mente de Dragal. Sentiuno sorrir no seu interior, o dragón sabíase victorioso, e Hadrián xa non podía loitar.

O momento era idóneo para a transformación, unha maxia invisíbel movíase polo lugar acompañando ao vento. Coas súas últimas forzas, conduciu ao dragón ata a cima do penedo que dominaba a paisaxe. Serían as últimas imaxes que verían os seus ollos con consciencia humana.

O sol ocultouse, parecía ter medo do que estaba a acontecer, facía demasiado tempo dende a última vez que presenciara o despertar dunha maxia tan antiga, tan olvidada polo tempo... as últimas luces do astro rei tremeron no ceo antes de desaparecer.

Ao tempo que a lúa ocupaba o trono celeste, Dragal despertou... deixou que as súas ás foran acariñadas polo vento, pechou os seus ollos de réptil sentindo o despertar de cada unha das súas células, e deixou que a súa maxia enchera o aire. Tiña a impresión de que ese momento era *o momento*.

Mónica prometéralle a Hadrián que volvería, que o alimentaría... mais agora, o seu amigo non era máis que un feble ser, xa sen forzas, que nin sequera podía loitar por recuperar o control do seu propio corpo. Non era o Gran Mestre que Dragal agardaba e o faría rexurdir das tebras do tempo.

Dragal agardou no penedo, deixando que os seus ollos percorreran cada rincón da paisaxe, o lugar que sería o seu novo fogar... pero como se alimentaría agora? Os antigos sacrificios foran levados polo vento a un recuncho case olvidado, mais nese mesmo momento, o dragón tiña fame... Pechou os ollos e agardou a chegada do seu alimento.

“Dragal...” Un feble son despertouno, observou á rapaza que tiña diante, era Mónica. Os seus ollos aínda conservaban a dor tralas bágoas... unha pinga de auga esvaroulle pola meixela, debuxando un regueiro de prata. Seguiu contemplando o rostro do que fora o seu amigo, Hadrián aínda estaba alí, tiña que estalo.

Levaba con ela unha mochila da que sacou un grande envoltorio, despois de desenvolve-lo, deixou na rocha un bo anaco de carne, e o recendo do sangue impregnou o aire. Dragal observouna, e sen facer caso da cara de repulsión que Mónica mantiña, mordeu e despedazou a carne rapidamente mentres as escamas preto das súas fources refulxían vermellas e o sangue ensuciaba a pedra.

A el pareceulle un aperitivo, de seguro a Mónica fóralle difícil conseguir ese considerable anaco, mais a fame do Dragón non diminuíra, e entón, decatouse de que aquela que prometera alimentalo, sería a súa primeira presa.

A lúa observou, calada e fría como un espello que só observa mentres transcurre o tempo. Mónica estaba calada, de costas, deixando que o vento desordease os seus pensamentos. Dragal agardou, e nun instante, cravou as súas unllas nas costelas da moza, ela afogou un berro, e a súa respiración enchoupouse de sangue e dor... non loitou, prometera alimentar a Dragal, e na escuridade máis profunda da noite, os seus pensamentos foron arrastrados co sangue, e caeron coa auga da fervenza e fixeron moito ruído. Hadrián chorou en silencio. Dragal volteou o corpo de Mónica, observou as últimas luces dos seus fermosos ollos, e cando chegou a morte e só se ouvía o son da fervenza de auga, sangue e pensamentos, alimentouse. Nutriu cada unha das súas células coa carne, e ao rematar, cando todo o que fora a vida da moza xa non era máis que ósos, deixou que a fervenza levara a Mónica con ela, e os pensamentos e o corpo uníronse para rematar de morrer. No interior de Dragal había bágoas.

Hadrián loitou, berrou por dentro, sentiu como o dragón se retorecía coa dor. Unha loita de dous seres por posuír un mesmo corpo. A lúa seguía calada, testemuña cega da historia, dando luz, impertérrita.

Hadrián ergueuse, dono do seu corpo só por agora. Sentía como se lle estiveran a arrancar a pel, a loita máis salvaxe no seu interior, unha loita que só había unha forma de rematar... Saltou, Hadrián saltou dende o penedo cara as rochas da fervenza, saltou sabendo que a súa morte sería a única solución, sabendo que el sen Mónica xa non podía facer nada.

O son dun corpo esnaquizado que caía á auga foi o último son que escoitou Dragal, perdera a súa última loita, perdera tamén contra o tempo, e perdera contra un o que gañara contra centos.

A fervenza deixou que de novo se mesturasen o sangue e os pensamentos, e a lúa calou, mentres o vento levaba ao último dragón ao esquecemento, mentres Hadrián, antes de pechar os ollos para sempre, observaba a destrución do seu mundo.

Escuridade, escuridade e silencio foi o único que quedou.

**Sara Porto Puente. 2º ESO A. IES Antonio Fraguas. Santiago de Compostela**

## ***Final de Dragal***

A sombra do dragón álzase erguida no ceo, como unha pluma áxil e veloz. Aínda sabendo de que perdera poderes, o cazador agardaba a súa presa: Mónica.

Hadrián, na súa mente, notábase durmido, canso. Unha mente pouco poderosa para ser a do próximo mestre, foi doado vencelo. Xa na fría noite, Mónica aparece, semella un tenro luceiro, alá, no medio da nada.

O dragón anhelaba ese momento con todo o seu ser, pero ía ter que disimulalo ata poder dar cos puntos débiles, e polo que semellaba, non sería difícil.

-Hadrián... bótote en falta, sabes? -di Mónica mentres apoia a palma da man no lombo do dragón.

O dragón olla curioso cara ela, fai moitos anos que non lle toca ningún outro ser vivo e con ese tacto, sentíase seguro. E como resposta agachou e acercou a cabeza á da rapaza.

Dragal sorprendeuse, o rapaz non durmía, simplemente descansaba. Dunha maneira máis sumisa aceptara o que parecía o seu destino, pero tiña suficiente vontade propia, como para mover o corpo segundo ell quixera.

Mónica acercouse e ofreceulle a carne fresca dun animal, que o vello olfato do dragón xa non puido identificar...

-Que simples son estes humanos, guíanse polas emocións, que absurdo -pensou no seu interior, mentres os dous rapaces conversaban, mediante palabras, por parte dela e xestos, por parte del.

-Hadrián, confía en min, eu sempre te protexerei, serei os ollos ás túas costas... sempre -iso foi o último que escoitou Hadrián antes de que o dragón retomase o control do corpo e o rapaz volvera a caer nunha especie de coma.

Cando Mónica rematou de dicir iso atopouse cuns ollos verdes que non eran os de Hadrián. Un calafrío percorreulle toda a columna vertebral, quería botar a correr e non volver endexamais, pero non podía deixar a Hadrián tirado.

Con medo recuou cara atrás, mentres os ollos do dragón estaban fixos nela. Esas pupilas tan delgadas parecían indicar as verdadeiras intencións do dragón... Aínda cun nó na gorxa volveuse a achegar ó dragón, paseniño, mentres os ollos do feroz dragón a vixiaban, pero dentro deses ollos Mónica percatouse de que Hadrián seguía a estar

vivo, aínda que xa moi débil. E dos ollos dela comezaron a brotarl bágoas que, con esforzo, non caían.

O dragó sentiu pena, aínda que non entendía por que a nena estaba triste... os humanos son moi simples e á vez moi complexos.

Aínda que o dragón seguía a necesitar dun sacrificio humano para recuperarse, algo especial ataba o seu destino co de Mónica, e neste caso non era a relación de presa e cazador, e se así fora... sería ó contrario, Mónica sería a cazadora.

O dragón só podía mostrarlle sumisión, o cal estranábao incluso a el... a non ser que a lenda estivese errada e a verdadeira mestra fora Mónica... o cal non tería moito sentido, o destino augurado sempre se cumpre... ou non?

Pronto se decatara de que o destino pode cambiar, xa que o futuro é moi caprichoso.

E quen sabe quen será o mestre: poden ser os dous, xa que pode ser que á lenda lle faltara unha parte, pode ser que a lenda non estivera errada e só fora Hadrián ou podería ser Mónica...

Alba Cerqueiro Landín. 2º ESO A. IES Antonio Fraguas.  
Santiago

Cando Dragal espertara xa anoitecera na Poza da Moura. Entre a escuridade da noite, o dragón puido ver claramente como unha sombra que se movía cambiaba rapidamente de cores: vermellas, amarelas, negras, azuis e brancas. Foi entón cando Dragal sentiu un fresco bufo que se ocultaba tras el como as sombras o facían na noite. Cando xirou a súa cabeza, a través dos seus ollos de réptil puido observar unha silueta dunha moza, de quizais, uns quince ou dezaseis anos, que desaparecía na calixe da Poza. Dragal, famento, quixo perseguila, pero algo que se atopaba no seu interior impediullo, reténdoo naquel recuncho da Poza da Moura.

Á mañá seguinte, Dragal espertou coas cores do amencer. Tiña fame, pero tamén tiña sede. A tentación que supuxo ver a cristalina auga da Poza da Moura, ondeante e sagrada, axudoulle a tomar unha decisión: bebela. O dragón galego ergueuse do chan, e acariñou o paso cara a Poza máis próxima. Os seus pasos eran sonoros e precisos. Ao chegar, Dragal agachouse e tomou un grolo de auga. Cando a inxeriu, notou o seu sabor insípido, percibindo como o seu corpo se esvaecía lentamente, mergullándoo noutra dimensión.

Cando os seus ollos foron quen de abrirse, puido contemplar a mesma rapaza que se movía entre as sombras a noite anterior. Era Mónica.

Dragal sentiu a gana de apertar a Mónica, pero sabía o risco que isto lle produciría.

- Tes que marchar- replicou Dragal, agarrando a Mónica polo brazo.

- Sabes que non podo facer iso!- contestoulle Mónica.

- Pois non che quedará máis remedio que cumprir o meu desexo. Iso será o único que poidas levar de min- repuxo Dragal, aínda que Mónica sabía que dentro del, o que falaba era a alma de Hadrián.

- Non! Non só vou levar ese recordo teu! Es o responsable das miñas risas e dos meus enfados, así como tamén dos novos coñecementos de lugares e historias que pola noite invaden a miña mente- dixo Mónica, á que unha bágoa lle inundou o delicado rostro.

- Non digas parvadas. En realidade, sabes que só son un produto da túa imaxinación. Eu nunca existín, nin Dragal tampouco!- protestou Hadrián, cun ton de voz ameazador.

- Hadrián, es ti, Hadrián. Neste momento desexaría non coñecerte. Desexaría non coñecerte porque sei que dentro de ti, no teu profundo interior, Dragal está tomando parte do teu corpo, e dos teus pensamentos. Gustaríame que souberas, que desde o fondo do meu corazón, sempre te recordarei.

Nese momento, dos ollos de Dragal saíron bágoas, bágoas que inundaron a súa cara, agora inerte. Dragal morrera, e Hadrián marchara con el.

**Clara Rey Castro. 2º ESO D. IES Antonio Fraguas. Santiago de Compostela**

## Final do libro de DRAGAL I: A herdanza do dragón

Xa ao solpor Mónica apareceu entre as pólas das árbores cun prato de carne fresca entre as mans. Levantou a mirada, veu un gran dragón, tirado no chan, cunhas fermosas escamas verdes e uns ollos amarelos.

- Hadrián? Es ti?- a respiración do dragón deulle a entender que a estaba escoitando- Hadrián, se me estás escoitando pídoche que sigas o teu espírito en pé. Toma, a comida que che prometín.

Un ruxido resoou no bosque a modo de agradecemento, Mónica marchou aínda preocupada polo seu amigo. Mentres Hadrián seguía loitando por recuperar o seu corpo posuído por Dragal que estaba disposto a matar ao mozo polo seu corpo.

“Hadrián, meu amigo, jajaja, deberías renderte xa non che vale a pena, deixa de loitar e acabarás mellor” Hadrián respondeu a súa ofensiva “Non intentes negociar, non che vou dar o meu corpo porque ti queiras” nese momento Dragal sentiu unha picada nunha das patas, que se convertera nunha man humana. Dragal sorprendido pola forza de vontade do mozo que tentaba loitar contra el, non se esforzaría moito en derrotalo porque fatigaríase co esforzo.

- Mónica filla!!! Axúdame a preparar a cea!!!- a nai de Mónica chamábaa e mentres que baixaba polas escaleiras a moza contestoulle:

- Mamá xa que estudei, podo saír á noite cuns amigos?

- Vale... Como te esforzaches si, pero só ata unha da mañá.

- Grazas- despois de cear Mónica deulle un bico na meixela a súa nai. Xa eran as once da noite cando saíu da casa, apurou o paso e foi cara o sitio onde estaba Dragal. Eran as doce cando chegou ao lugar. Cando veu que Dragal xa non tiña unha das súas patas púxose a berrar da emoción, tal berro pegou que a levou a pensar que resoara na cidade, pero a emoción de que o seu mellor amigo co que vivira un gran tempo recobrar o seu corpo enchíaa de alegría.

Un mes máis tarde Hadrián xa tiña a meirande parte do corpo de persoa. Súa nai xa pensara que morrera ou algo peor e Mónica aínda o ía ver. As melloras notábanse, pero Hadrián aínda estaba demasiado cansado como para camiñar e volver á súa casa. Un día xa despois dun tempo Mónica foi ver o estado do seu mellor amigo e o que se encontrou deixouna sen dar creto do que observaba. A figura do mozo tendida sobre as follas que utilizaba como cama e case sen poder respirar e moverse para pedir axuda.

A moza colleuno como puido e arrastrouno por todo o bosque ata un lugar de fácil acceso para atopalos unha. Chegaron á beirarrúa e Mónica chamou unha ambulancia que veu en pouco tempo, subiron ao rapaz nela.

Tivo que pasar un día para que Mónica fora visitalo.

- Está esgotado, como se fixera un esforzo sobrehumano- díxolle o médico- necesitará descanso e aínda non sabemos se sobrevivirá... Tiveches sorte de encontralo a tempo senón xa non estaría entre nós.

Mónica calou e deixou caer unha bágoa pola súa meixela ata que rompeu a chorar polo inesperado final. FIN